




Unidade 3

A terra que pisamos



As capas do planeta Terra


Como ben sabes, o noso planeta Terra está dividido en 3 grandes capas: hidrosfera (agua), atmosfera (aire) e xeosfera (terra).



As grandes capas da xeosfera

A **xeosfera** é a **gran masa rochosa** que compón o planeta. Está baixo a capa de auga, é dicir, da hidrosfera. Ten **forma case esférica** e mide máis de 12000 km de diámetro.

Esta masa rochosa está **dividida** en **3 grandes capas** que van desde o máis superficial ao máis profundo.



As grandes capas da xeosfera

O **núcleo** é a parte máis interna da xeosfera. As temperaturas son bastante elevadas.

O **manto** é a capa intermedia. Situada entre a codia e o núcleo. Ten case 3000 km de profundidade.


A **codia** é a capa máis superficial. Está en contacto coa hidrosfera e a atmosfera.

A litosfera: parte da codia

A **litosfera** é a capa máis externa do noso planeta. Abarca a codia e parte do manto. A súa profundidade é duns 100 km.

Esta capa está fracturada en diferentes partes formando as chamadas **placas tectónicas**.

As placas tectónicas son placas de rocha que están en movemento.



As placas tectónicas: montañas, volcáns e terremotos (páxinas 40 e 43)

As **placas tectónicas** son placas de **rocha** que **están en movemento**. Ao moverse, algunhas rochas rompen e outras dobran. Dependendo da súa dureza e resistencia, eses movementos dan lugar a terremotos, volcáns e montañas.

<https://www.youtube.com/watch?v=T2WqVjeOpXo>

Os **terremotos** son movementos violentos das placas. Provocan graves danos nas persoas e as construcións.

Os **volcáns** son montañas que teñen unha abertura pola cal poden escapar materiais gaseosos, líquidos e sólidos desde o interior da Terra.

Como estudamos a xeosfera?

Os científicos aprenderon a observar fenómenos que suceden na superficie do planeta pero que se orixinan no interior. Deste xeito, puideron estudar a xeosfera e as súas capas. Tamén por que están formadas.



Minerais e rochas (páxina 41)

Un **MINERAL** é unha **substancia sólida e inorgánica** formada na natureza. Cada mineral ten unha composición distinta e por iso, teñen diferentes formas, cores, brillos e durezas.



Minerais e rochas

Propiedades

- ❑ **DUREZA.** É a resistencia ao raiado. O máis brando é o talco e o máis duro é o diamante.
- ❑ **BRILLO.** Poder ser metálico ou vítreo.
- ❑ **HÁBITO.** É a forma dos minerais que teñen na propia natureza.
- ❑ **COR.** Poden ter cores rechamantes ou oscuros.



Minerais e rochas

Algúns minerais moi coñecidos

DIAMANTE

Úsase como pedra preciosa en xoiería e no campo na industria para pulir, en ferramentas de medicina.



CUARZO

Úsase tanto para a industria farmacéutica como a cosmética. Tamén na elaboración de cementos, cerámicas e vidros.



MAGNESITA

Úsase para fertilizar terreos pero tamén é un ingrediente para crear cerámica e vidros.



Minerais e rochas

Os minerais cando se agrupan na natureza forman as ROCHAS.

Mineral + mineral + mineral = ROCHA (conxunto de minerais)

ROCHAS MAGMÁTICAS

Fórmanse cando o magma sae á superficie, arrefría e se solidifica.

Exemplo: o granito



TIPOS DE ROCHAS

ROCHAS SEDIMENTARIAS

Fórmanse pola erosión dunhas rochas e outras.

Exemplo: sílex



ROCHAS METAMÓRFICAS

Fórmanse debido á calor e á presión dunhas rochas sobre outras.

Exemplo: o mármore e a pizarra



Como representamos o noso planeta?

O planeta Terra ten forma esférica. Para poder estudalo con comodidade, utilízanse principalmente dúas formas: o **planisferio** e o **globo terráqueo**.

GLOBO TERRÁQUEO

É a representación que máis se asemella á realidade. Podemos ver océanos, continentes, ver os movementos que fai a Terra. A parte negativa é que non podemos ver toda a superficie ao mesmo tempo e tampouco grandes detalles.



PLANISFERIO

Mostra toda a superficie da Terra dunha vez. A parte negativa é que distorsiona a forma dos continentes, sobre todo, dos polos.



Liñas imaxinarias

Para saber onde estamos, o home deseñou unhas liñas imaxinarias. Ao conxunto delas chamounas **Rede Cartográfica** e a usamos para saber con exactitude algún lugar do planeta.

Os **meridianos** son as liñas imaxinarias que **van do polo Norte ao polo Sur**. O meridiano de referencia internacional é o meridiano de Greenwich. Divide a Terra en Leste e Oeste.

Os **paralelos** son as liñas imaxinarias que están **paralelas á liña do Ecuador**, paralelo 0° que divide a Terra en Norte e Sur.

Liñas imaxinarias: paralelos e meridianos



Un mapa para cada ocasión

Que son os mapas? Os mapas son representacións planas ou esféricas da superficie terrestre ou parte dela.

Tipos de mapas

Dependendo do contido que traballemos, usaremos un mapa distinto.

Nos **mapas físicos** están representados o relevo (montañas, desertos, mesetas...) e hidrografía (ríos) dunha zona, país...

Nos **mapas políticos** represéntanse os límites entre países, cidades, provincias. Tamén poden aparecer nomes de cidades e pobos,...

Como interpretar un mapa

Os mapas teñen normalmente uns signos que nos serven para entender, para ler e interpretar o que estamos a ver. Ese signos chámanse **signos convencionais**. Ese signos poden ser cores, liñas e debuxos.

EXEMPLOS

CARRETERAS			LIMITES
Principal	=====	+++	Internacional
Secundaria	====	---	Estatal
Pavimentada	====	---	Municipal
Revestida	====		AEROPUERTOS
Trocetería	====		Largo Alcance
Bracho	---		Mediano Alcance
FERROCARRILES			Corto Alcance
Vía ancha	+++		HIDROGRAFÍA
Vía Angosta	++		Río
POLITICOS			Corriente de Temporal
Capital de país	⊙		Lago o Laguna
Capital de Estado	⊙		Pantano
Población importante	⊙		OROGRAFIA
Poblado	○		Curvas de Nivel

A **cor marrón** significa zona de altura (montaña).

A **cor verde** é zona de planicie.

A **cor azul** significa zona de río, lago, mar ou océano.